

DOAZÓN DO ESCULTOR JOSÉ SOBRADO BALBOA

AO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Este artista galego ven de doar tres obras súas ao MPL. Xunto con outros ingresos incorporadas no ano 2021, esta institución museística consolídase como un referente para a conservación da memoria artística lucense e para a difusión da obra dos seus creadores.

Desde hoxe e durante o tempo de Nadal poderanse ver as devanditas obras, recentemente incorporadas aos fondos do MPL, na sección de Arte galega do MPL.

Bens obxecto da DOAZÓN:

-“**Busto do meu pai, Federico Sobrado Carballo**” (2012), modelado e torneado en arxila branca. 36,5 x 25 x 23,5 cm.

-“**Busto da miña nai, Filomena Balboa Neira**” (2013), modelado e torneado en arxila branca. 36,5 x 25 x 23,5 cm.


-“**O xardín dos cipreses**” (1982), técnica mixta. 58,5 x 55 x 44 cm.

José Sobrado Balboa naceu en Villádiga, (Láncara, Lugo) en 1944, aos 20 anos trasládase a Cataluña, residindo e traballando en Sabadell donde estudará na *Escuela de Arts i Oficis*. Entre 1971 e 1975 colabora, entre outros, con Salvador Dalí no retrato de *Gala i Dalí* na cúpula do museo homónimo en Figueres e despois co Museo El Pedregar (de 1974 a 1976). Está moi presente nos certames artísticos catalanes e peninsulares así como en exposicións individuais e colectivas, ademais de ter moita obra pública espallada por diversas cidades.



O retrato é un dos xéneros máis utilizados dentro da súa produción artística tanto en xeso, bronce, pedra, mármore..., desde 1965 ata o 2015, data na que realizou unha

exposición monográfica no Museu d'Art de Sabadell. Así, podemos observar a súa calidade técnica nos retratos dos seus pais: Federico Sobrado Carballo e Filomena Balboa Neira, modelados en arxila branca.



Non obstante, a súa faciana máis creativa e contemporánea adoita observarse nas esculturas conceptuais como a Homenaxe a Galicia (Pontevedra) ou na obra que doa ao MPL titulada *O xardín dos cipreses*.



Decembro 2021,

Aurelia Balseiro García, Directora do Museo Provincial de Lugo.

Máis información: direccion@museolugo.org